

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 29 de agosto de 2025
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e cuarenta minutos do día vinte nove de agosto do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal., e está presente a Viceinterventora, Susana Escaloni Varela

Así mesmo, están presentes a deputada *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35565.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 22 de agosto de 2025.

2.35566.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCURRENCIA COMPETITIVA DAS AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL, PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2025. (EXPTE.2024067765)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

Primeiro. A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2024, aprobou a convocatoria e bases reguladoras para a concesión en réxime concorrencia competitiva das axudas destinadas á posta en marcha de iniciativas de interese social promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2025, as cales foron publicadas no BOPPO nº nº 26 de 7 de febreiro de 2025.

A dotación destinada á convocatoria é de 120.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/233.2310.480.02, e o importe máximo subvencionado por proxecto é de 5.000,00 €.



Segundo. De acordo co establecido nas bases reguladoras desta convocatoria, é obxecto de subvención a posta en marcha de iniciativas colectivas xuvenís e proxectos realizados e ideados en grupo durante o ano 2025, que favorezan e promovan o desenvolvemento persoal e comunitario; contribúan ao apoderamento xuvenil, á formación en valores e á consecución de hábitos saudables; e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia.

Estas subvencións son incompatibles “(...) coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico contempladas no Orzamento de esta institución para o exercicio de 2025 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio (...)”.

Terceiro. As subvencións están dirixidas ás asociacións xuvenís e grupos informais que cumpran os seguintes requisitos, tanto na data en que finalizou o prazo de presentación de solicitudes coma durante todo o período de vixencia desta convocatoria:

3.1. Para as asociacións xuvenís prestadoras de servizos dirixidos á mocidade:

- Non estar sometidas a ningún réxime asociativo específico.
- Ter sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra.
- Acreditar a súa inscrición no Censo de Entidades Xuvenís da Xunta de Galicia, ou en calquera outro rexistro oficial onde conste a súa natureza xuvenil, e, en caso de non estar inscritas, achegar a copia dos seus estatutos ou o documento oficial que determine o dito carácter.

3.2. Para os grupos informais:

- Estar compostos por un mínimo de tres e un máximo de oito persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos.
- O 75 % das persoas que formen parte do grupo deberán estar empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra e reunir o requisito de idade no momento de presentar a solicitude.

3.3. Tanto as asociacións como as persoas integrantes dos grupos informais deben estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia, coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social; así como non incorrer en ningunha das outras prohibicións sinaladas no artigo 10 da LXG.

Cuarto. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, rexistráronse un total de 26 proxectos.

A instrución do procedemento de concesión correspondeulle á xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que realizou de oficio cantas actuacións estimou necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación presentada.

O expediente contén os informes do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico nos que consta que en cada un dos expedientes realizouse a comprobación de que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a esta liña de subvencións.

Quinto. A comisión de valoración prevista no punto 12.2 da convocatoria examinou e avaliou as solicitudes de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras emitindo, en data 9 de xullo de 2025, o correspondente informe de avaliación. Os criterios que se tiveron en conta para valorar as solicitudes foron os establecidos na base décimo terceira da convocatoria.



Sexto Recibido o informe da comisión de valoración, a xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico formulou a proposta de resolución provisional na que se propón conceder subvencións ás 21 entidades xuvenís e grupos informais relacionados no anexo (CSV: 9F3V13D0X5RQ83I2), por un importe total de 98.688,58 €, a cal foi publicada o 10 de xullo de 2025, de xeito simultáneo na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra e na páxina web.

Segundo se recolle na base 12ª da convocatoria, as entidades propostas como beneficiarias tiveron un prazo de dez días para formular alegacións, desde o día seguinte ao da publicación.

Sétimo. Con data 23 de xullo de 2025, número de rexistro WEB2025054294, a asociación Xuntanza Xuvenil presenta escrito de alegacións fronte á proposta de resolución provisional, debido a que nela non figuraba a solicitude presentada pola asociación, nin proposta como beneficiaria, nin excluída.

A entidade expón que o 12 de marzo de 2025, con número de rexistro WEB2025016841, dentro do prazo de presentación de solicitudes, presentou solicitude de subvención para a posta en marcha do proxecto “Suando a camisola”, cun orzamento total de 5.500,00 €, e para o que solicita unha subvención de 5.000,00 €. Analizados os antecedentes e a restante documentación aportada, confírmase que a solicitude da asociación non foi avaliada debido a un erro de tramitación do órgano instrutor, polo que se procede á revisión da documentación inicialmente presentada e á valoración da solicitude, que acadou 55 puntos, superando a puntuación mínima establecido na base décimo terceira da convocatoria para acceder á axuda. Tendo en conta os límites establecidos na base 5.2 da convocatoria, os custos elixibles ascenden á cantidade de 2.900,00 €, polo que se procede á súa inclusión na relación de entidades beneficiarias cunha subvención de 2.900,00 €.

Oitavo. Dentro do prazo concedido para presentar alegacións, a asociación Conecta Galicia presenta escrito de reformulación da súa solicitude o 28 de xullo de 2025 no rexistro da Administración Xeral do Estado, que foi remitido a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) ao rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra, con data 30 de xullo de 2025, e número de rexistro 2025015172.

Segundo o establecido no artigo 27 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (LXS), cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades a desenvolver polo solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar do beneficiario, se así se previu nas bases reguladoras, a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable.

Neste caso, dado que o importe da subvención da proposta de resolución provisional (5.000,00 €) non é inferior ao importe solicitado pola entidade (5.000,00 €), non procede aceptar a reformulación solicitada.

Noveno. Tendo en conta o anterior, consta no expediente a nova relación de entidades beneficiarias (CSV: ZNCFDYR2SVYS15Y2, por un importe total de 101.588,58 €.

Décimo. Con da 21 de agosto de 2025, Intervención emite informe favorable no que se fai constar que “Das 27 solicitudes presentadas, proponse conceder polo procedemento de concorrencia competitiva un total de 22 por un importe total de 101.588,58 euros.

Na aplicación orzamentaria 25/233.2310.480.02, do vixente Orzamento Provincial, existe crédito autorizado para dito gasto. O Órgano competente para a aprobación da Resolución definitiva e disposición deste gasto será a Xunta de Goberno, segundo as bases aprobadas para a execución do Orzamento Provincial para o ano 2025”.



LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia
- Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local,
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente

De acordo có exposto, e ao amparo do establecido no artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, no que se establece que son competencias propias das Deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia, así como tamén o establecido no artigo 109.1.d, e 118 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

I.- Conceder subvención ás entidades xuvenís e grupos informais para a posta en marcha de iniciativas de interés social dirixidas á xuventude en 2025 relacionadas no anexo I, polo importe que se indica para cada unha delas, e cuxo importe total ascende á cantidade de 101.588,58 €, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 25/233.2310.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025.

II.- Desestimar as solicitudes e denegar por tanto a concesión de subvención ás entidades e grupos informais que figuran relacionadas no anexo II, coa expresión dos motivos de exclusión.

III.- Publicar o acordo de resolución definitiva de concesión no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>) e na páxina web <http://www.depo.gal>, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da LPACAP.

ANEXO I: RELACIÓN DE SUBVENCIONES CONCEDIDAS

Expediente	NIF	Beneficiario	Concello	Nome do proxecto	Importe concedido
2025010418	G36153344	Asociación Banda de Musica Popular de Tui	Tui	Sons e emocións: a cultura da mocidade	4.398,56 €
2025012561	G09819533	Asociación Clean Energy Ship Uvigo	Vigo	Mellora técnica continuada dun trimarán solar con fins educativos e de competición	1.000,00 €
2025013206	G36697324	Down Vigo Asociación para el Síndrome De Down	Vigo	Cultura tradicional e inclusiva	5.000,0 €



2025013329	G36124279	Asociación Érguete	A Guarda	Non o deixes ao azar	5.000,00 €
2025013919	G36266682	Asociación Cultural Banda de Música de Silleda	Silleda	Campamento musical de verán	4.750,00 €
2025013928	G56371271	Asociación Juvenil de Parderrubias Festas de San Amaro	Salceda de Caselas	O legado dunha xeración	4.873,30 €
2025013932	G36617082	Asociación Centro Cultural Artístico e Recreativo Valladares	Vigo	Campamento xuvenil Okupémonos	5.000,00 €
2025013951	G36164887	Asociación Down Pontevedra Xuntos	Pontevedra	Percorrendo a tradición	5.000,00 €
2025014292	G56426570	Non Damos Feito	Salvaterra de Miño	Galimpiadas	4.666,00 €
2025014294	G27718907	Asociación Nós Mesmas	Vigo	Somos Hype	4.566,55 €
2025014289	G94081809	Asociación Musical Cultural Tirante	Barro	Barosa líquida 2025	5.000,00 €
2025014333	***8270**	Grupo Informal Alén	Cerdedo-Cotobade	Camiñando pola natureza	5.000,00 €
2025014462	G36980605	Asociación Recreativa e Cultural Marexada	Bueu	Centinelas da auga	5.000,00 €
2025014479	G36633394	Asociación Centro Xuvenil Abertal	Vigo	Outra movida	5.000,00 €
2025014480	G94157963	Asociación Arousa Moza	Vilagarcía de Arousa	Obradoiros Semente de Futuro	5.000,00 €



2025014901	G94084456	Asociación Cultural Galicia Fiddle	Vigo	Fiddle para as aldeas	4.434,17 €
2025014908	G94155298	Asociación Colectivo Espazo 16	Barro	Laboratorio da paisaxe. Baixo Miño 2025	5.000,00 €
2025014909	G36183804	Asociación Cultura e Xuventude de Barro	Barro	Feito á man	5.000,00 €
2025014911	G94192960	Asociación Xuvenil Imaxina e Axuda	A Estrada	Acción na noite	5.000,00 €
2025014912	G36027928	Asociación Agrupación Musical do Rosal	O Rosal	Máis que música	5.000,00 €
2025014914	G19806389	Asociación Conecta Galicia	Vilanova de Arousa	Conecta + Xuventude	5.000,00 €
2025051263	G36744951	Asociación Xuntanza Xuvenil	Vigo	Suando a camisola	2.900,00 €

ANEXO II: RELACIÓN DE SOLICITUDES DENEGADAS

Expediente	NIF	Solicitante	Nome do proxecto	Causa de exclusión
2025013907	G94012374	Asociación Cultural Merzabráss	Galaico: curso pedagóxico-musical	Non contestar ao requirimento en prazo
2025013923	G16815995	Asociación Festibandeira	Entre murais e roteiros	Non acredita ser asociación xuvenil
2025014482	***8236**	Teatro Gorrilla	Festival Teatro Gorrilla, barrio de Teis	Débedas coa AEAT
2025014903	53976133D	Punto Zero Galicia	Atlantic Engineering	Non contestar ao requirimento en prazo
2025014910	***525**	Tender pontes a través das linguas	Tender pontes a través das linguas e culturas	Non contestar ao requirimento en prazo



3.35567.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE PADRIÑÁN” (EXPTE:2025021187)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025024807, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de SANXENXO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 449.765,52 euros, co obxecto do financiamento do investimento “HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE PADRIÑÁN”, cuxo orzamento ascende 449.765,52 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
449.765,52 €	449.765,52 €	0,00 €	0,00 €

En data 21/08/2025 WEB2025059926, o Concello emenda e completa a documentación achegada. Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia e de Patrimonio.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 15/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 22/08/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/08/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Sanxenxo* (CIF:P3605100A), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 449.765,52 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Humanización do Núcleo Rural de Padriñán*” (Expte: 2025021187), cuxo orzamento ascende 449.765,52 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos proprios do Concello
449.765,52€	449.765,52€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado as autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en materia de patrimonio e de Augas de Galicia, así como o decreto ou o acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Sanxenxo*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.35568.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DAS FESTAS GASTRONÓMICAS DE INTERESE TURÍSTICO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, EMPREGANDO FOOD TRUCKS (EXPTE.2024084008)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 16 de maio de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da *“Campana de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks”*.

Resultando.- Que o procedemento convocouse mediante anuncio de licitación, enviado para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea o día 19 de maio de 2025 e publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 21 de maio de 2025. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 19 de xuño de 2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, sendo admitidas as seguintes:

- JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187)
- MIGUEL ÁNGEL MOSTEIRO DÍAZ (NIF: 35458304D)
- SILMAN 97, S.L.U. (NIF: B15647803)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas para a súa valoración.

Resultando.- Que recibido informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor emitido pola Xefa do Servizo de Turismo Rías, con data 18 de xullo de 2025 e CSV: LDKTFLUCSIU4BYZQ, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 24 de xullo de 2025, presta conformidade ás puntuacións acadadas, sendo estas as seguintes:



CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	JOSE FAJARDO, S.L.	MIGUEL ÁNGEL MOSTEIRO DÍAZ	SILMAN 97, S.L.U.
Proposta das food trucks	Calidade do deseño do vehículo	5,000	1,000	1,000	5,000
	Deseño da equipamento/vestiario do persoal de traballo	5,000	2,500	2,500	5,000
	Proposta das rutas	5,000	4,500	4,500	5,000
	TOTAL	15,000	8,000	8,000	15,000
Desenvolvemento da actividade	Adecuación da proposta de horario	5,000	5,000	5,000	5,000
	Localización no municipio	5,000	5,000	5,000	5,000
	TOTAL	10,000	10,000	10,000	10,000
Proposta do menú	Adecuación do menú ás festas gastronómicas propostas	8,000	8,000	7,000	8,000
	A calidade do produto	7,000	6,000	6,000	7,000
	TOTAL	15,000	14,000	13,000	15,000
PUNTUACIÓN TOTAL "SOBRE B"		40,000	32,000	31,000	40,000

Na mesma sesión a Mesa de Contratación procede á apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento, sendo os valores ofertados os indicados no certificado da Mesa de contratación con CSV (O8A8XN6P9H93OJ9U).

Resultando.- Que as puntuacións finais acadadas polas empresas que participan no procedemento constan no informe de puntuacións, con CSV: 4JEHUFZU8A38XY3P.

Resultando.- Que unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 31 de xullo de 2025, acordou propor ao órgano de contratación a clasificación das ofertas por orde decrecente de puntuación, sendo dita clasificación a seguinte:

Clasificación	Empresas licitadoras	Puntuación Sobre B (Máx.40 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx.60 puntos)	Puntuación total
1ª	JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187)	32,000	28,247	60,247
2ª	MIGUEL ÁNGEL MOSTEIRO DÍAZ (NIF: 35458304D)	31,000	21,579	52,579
3ª	SILMAN 97, S.L.U. (NIF: B15647803)	40,000	5,648	45,648



A Mesa de Contratación, en base á dita clasificación, propón ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187), polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Que compróbase que a empresa Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, que está debidamente constituída e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2025006587, de data 06 de agosto de 2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que a empresa Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada nº WEB2025059114 e WEB2025059356, de data 18 e 19 de agosto de 2025, respectivamente), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 11.424,41 € (carta de pago núm. operación 12025000160631, do 18 de agosto de 2025).

Considerando.- Os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



1.- Adxudicar o contrato da *campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks* á empresa JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

1. Prezo ofertado:

Importe total, sen IVE	IVE (21%)	Importe total, IVE engadido
210.209,19 €	44.143,92 €	254.353,11 €

Os prezos unitarios ofertados das degustación, unha vez aplicada a baixada ofertada polo adxudicatario aos prezos unitarios de licitación, sinalados no prego administrativo, son os seguintes:

PREZO UNITARIO DEGUSTACIÓN				
Concepto	Unidades máximas estimadas	Prezo unitario ofertado, sen o IVE	IVE (21%)	Prezo unitario ofertado, co IVE
Degustación	366	574,3376 €	120,6120 €	694,9496 €

2. Incremento do número mínimo de cociñeiros/as:

Incremento do número mínimo de cociñeiros/as con respecto ao mínimo requirido (o número mínimo de cociñeiros é 3)	3*
---	----

*Non se achega declaración responsable onde se relacione a experiencia mínima requirida no ámbito da cociña dunha das cociñeiras propostas para o foodtruck nº2.

O prazo de duración do contrato será de 5 meses, a contar dende a data de formalización do mesmo. Non se contemplan prórrogas para esta contratación.

A actividade será desenvolvida nos 61 concellos que integran a provincia de Pontevedra, debendo de levala a cabo durante 1 día, como mínimo, en cada un dos 61 concellos, non podendo permanecer en cada un máis de 3 días. En termos semanais, o servizo prestarase, alo menos, durante 5 días, non podendo exceptuarse, en ningún caso, sábados, domingos ou festivos.



Financiamento: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2025	25/433.4320.226.20	254.353,11 €

Forma de pagamento: PARCIAL

Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse mensualmente contra a presentación da correspondente factura, acompañada dun informe xustificativo das degustacións efectivamente realizadas, corroborado polo servizo de Turismo Rías Baixas e selado polo responsable da empresa, onde deberán indicar os lugares, días e horas nas que se realizaron as degustacións, o persoal que as asistiu, así coma o merchandising entregado. Aportando, no citado informe, ademais, o comprobante de pago da taxa de ocupación requirida.

O número de degustacións (366), indicado nos pregos, opera como máximo, debendo facturarse soamente polas actividades efectivamente realizadas, segundo as necesidades do servizo.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024084008	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

5.35569.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO “ILUMINACIÓN MONUMENTAL E PAISAXÍSTICA E MELLORA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA NA PARCELA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR (FINANCIADO PRTR)” (EXPTE.2022070370)

Resultando.- Que o Castelo de Soutomaior e os seus xardíns reciben un elevado número de visitantes, polo que é preciso que dispoña, entre outras, dunhas instalacións eléctricas e de iluminación acordes ás súas necesidades actuais e en perfecto estado, adecuadas o espazo histórico no que se sitúan, que permitan contemplar, identificar e enaltecer os elementos arquitectónicos, ornamentais e vexetais que existen no interior da parcela e castelo.

Resultando.- Que debido ao estado actual das instalacións eléctricas e de iluminación existentes do castelo como resultado das características construtivas desta edificación, do transcurso do tempo e das demandas xeradas logo da súa posta en valor no ano 2017; resulta necesaria a realización de obras de dotación, reforma, adaptación, mantemento e conservación básicas sobre estas instalacións, de xeito que se poida ofrecer un espazo de calidade para os visitantes deste ben. En consecuencia, as necesidades a satisfacer coas obras proxectadas están relacionadas coa procura de melloras nas condicións de seguridade de utilización, así como, da eficiencia enerxética.

Resultando.- Que na súa consecuencia redactouse polo enxeñeiro técnico industrial Don Antonio García Álvarez o proxecto de obras “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior” cun orzamento base de licitación de 2.005.921,47 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: L9RD9ODIFZTHCHPB.



Resultando.- Que o 12 de abril de 2023 publicouse o Extracto da Orde do 22 de decembro de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente á Orde ICT/1363/2024, do 22 de decembro (BOE 09/01/2023), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio Histórico con uso turístico e apróbase a súa convocatoria para o exercicio 2022, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Resultando.- Que en consecuencia, a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, presenta o proxecto de mellora patrimonial do Castelo de Soutomaior a través da iluminación, a accesibilidade e tecnoloxía de realidade virtual á convocatoria do Programa de Mellora da competitividade e de dinamización do Patrimonio Histórico con uso turístico.

Resultando.- Que o 22 de novembro de 2024, co núm. de rexistro 2024021542, a Secretaría de Estado de Turismo Ministerio de Industria e Turismo notificou a proposta de resolución definitiva de concesión de axudas para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico, na que se propón a axuda solicitada á convocatoria á Deputación de Pontevedra. O 23 de decembro de 2024, co número de rexistro 2024023219, a Secretaría de Estado de Turismo Ministerio de Industria e Turismo, notificou a resolución definitiva.

Resultando.- Que a idoneidade desta contratación fundaméntase na: - Lei 2/2016, 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 135, referente aos deberes de uso, conservación e rehabilitación das construcións, edificios e instalacións; - Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

Resultando.- Que en consecuencia do anteriormente recollido recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Turismo, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 2.005.921,446 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.3364.631.01 do vixente orzamento provincial (Proxecto de gasto 92510001), acreditando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de febreiro de 2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior” redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Antonio García Álvarez, cun orzamento base de licitación de 2.005.921,47€ IVE Incluído. Este proxecto divídese en dous documentos, o Proxecto técnico ó que se lle asignou o CSV: R3WNYM4B48IRJA6X e o proxecto de intervención con CSV: 13MHD2RLWZJYD0FE.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que por acordo da Xunta de Goberno do día 16 de maio de 2025,(número de acordo 14.35224) aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración de “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior”. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 20 de maio de 2025, aparecendo publicado no DOUE (Anuncio de licitación 325741-2025) e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público), con data 21 de maio de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando.- Que dito acordo presenta un erro de transcripción detectado no momento de redactar o presente documento.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 26/06/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L. (C.I.F. B94129368)
- MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE, S.L. (C.I.F. B70003199).
- SETGA, S.L.U. (C.I.F. B36699064).
- SIELVIGO, S.L. (C.I.F. B36823227).
- UTE IMESAPI-TECNORED (C.I.F. A28010478 – A15035413).

Resultando.- Que na mesma reunión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor deste procedemento. A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación descargada dos “sobres B” ao servizo de Arquitectura, para que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.



Resultando.- Que a xefa de Servizo de Arquitectura Dona María del Carmen Gómez Manzano e o enxeñeiro técnico industrial do Servizo de Arquitectura D. Antonio Giráldez da Cruz, con data 17 de xullo de 2025 emitiron informe conxunto, relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA PROGRAMA TRABAJO	DESEÑO ESTÉTICO E ADAPTABILIDADE Á CONTORNA	CALIDADE E EFICIENCIA DAS LUMINARIAS"	PUNTUACION SOBRE B
DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	10,00	16,00	16,00	42,00
MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE SL	4,00	16,00	16,00	36,00
SETGA ,S.L.U.	8,00	14,00	15,00	37,00
SIELVIGO, S.L.	10,00	16,00	16,00	42,00
UTE IMESAPI-TECNORED	12,00	16,00	16,00	44,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe conxunto da xefa de Servizo de Arquitectura Dona María del Carmen Gómez Manzano e o enxeñeiro técnico industrial do Servizo de Arquitectura D. Antonio Giráldez da Cruz, con data 17 de xullo de 2025, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación do subministro "Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior".

Resultando.- Que na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, deste procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE C
DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	1.648.286,34 €
MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE SL	1.394.000,00 €
SETGA ,S.L.U.	1.375.000,00 €
SIELVIGO, S.L.	1.624.630,61 €
UTE IMESAPI-TECNORED	1.622.972,83 €



Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 24/07/2025, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	PUNTUACION TOTAL
DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	1,83
MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE SL	44,57
SETGA ,S.L.U.	47,37
SIELVIGO, S.L.	6,40
UTE IMESAPI-TECNORED	6,72

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 31/07/acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do subministro “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACION SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SETGA ,S.L.U.	37,00	47,37	84,37
2	MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE SL	36,00	44,57	80,57
3	UTE IMESAPI-TECNORED	44,00	6,72	50,72
4	SIELVIGO, S.L.	42,00	6,40	48,40
5	DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	42,00	1,83	43,83

Resultando.- Que na mesma reunión acordou propor ó Órgano de Contratación a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do subministro “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior” á empresa SETGA, S.L.U. (C.I.F. B36699064) por un importe de 1.663.750,00 € IVE incluído.

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2025006675 de data 08/08/2025 o Órgano de Contratación aceptou a proposta da Mesa de Contratación, de data 31 de xullo de 2025, de adxudicar o contrato, sempre e cando cumprimente correctamente a documentación establecida no artigo 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público e nos pregos reguladores do procedemento, á empresa SETGA, S.L.U. (C.I.F. B36699064), polos prezos e valores ofertados.



Resultando.- Que requirida a empresa SETGA, S.L.U. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma a través do rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2025058806), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando polo tanto debidamente cos requisitos de capacidade e solvencia. Ademais constituíu na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 68.750,00 € segundo queda acreditado en carta de pago número 12025000160573 de data 18/08/2025.

Considerando.- Que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas e subcontratistas.

Considerando.- Que de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Considerando.- Os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de subministros o importe de cen mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Corrixir o erro do acordo adoptado Xunta de Goberno o día 16 de maio de 2025,(número de acordo 14.35224) no seguinte senso:

ONDE DI:

Procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior” [...]

DEBE DICIR:

Procedemento aberto do contrato mixto de subministración “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior” [...]

2. Adxudicar á empresa SETGA, S.L.U. (C.I.F. B36699064). o procedemento aberto convocado para a contratación do subministro “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior” por un importe de 1.663.750,00€ IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	1.375.00,00 €
IVE (21%)	288.750,00 €
Importe Total.....	1.663.750,00 €

O prazo de execución será de TRESCENTOS TRES (303) DIAS a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.3364.631.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006122; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022070370.



6.35570.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “ MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P 9208 NOALLA-AIOS, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+960 (CONCELLO DE SANXENXO)” (EXPTE.2025048313)

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9208 Noalla- Aios, que transcorre polo concello de Sanxenxo e ten unha lonxitude de 4.908 metros.

Resultando.- Que a E.P. 9208 é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo do treito da estrada atopamos en practicamente toda a súa lonxitude de actuación beiravías comprendidas entre los 50-100 cm. sen beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios. Esta actuación contempla a creación dunha itinerario peonil duns 960 metros de lonxitude mediante a construción na marxe dereita dunha senda peonil de formigón coloreado, a renovación, mellora e reubicación das paradas de bus e execución de pasos de peóns elevados. Inclúe tamén, a renovación da rede de drenaxe, a renovación do alumeadado público con novas luminarias.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por D. José P. Gosende Tuñas enxeñeiro adscrito á empresa Ingeniería del Noroeste, S.L., o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”, cun orzamento base de licitación de 1.188.578,92 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 7UG0F5UNDD28GKAC.

Resultando.- Que con data 10/12/2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo, convenio de colaboración para a execución do proxecto de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”

Resultando.- Que recolle o citado convenio que lle corresponde á Deputación de Pontevedra a licitación, dirección, execución e recepción das obras.



Resultando.- Que recolle tamén que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo mediante a achega das cantidades relacionadas a continuación:

ADMINISTRACIÓN	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	950.563,14 €	80
Concello de Sanxenxo	237.715,78 €	20
TOTAL	1.188.578,92 €	100

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12025000005497, por importe de 950.863,14 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02.2024 dentro do proxecto de gasto nº 2023039782 para facer fronte ao gasto financiado pola Deputación de Pontevedra. Pola achega do Concello, que supón un ingreso de dereito público, xerárase crédito na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: R8A8W Existe no expediente informe de supervisión do proxecto de data 13/11/2024 (CSV: AYN464FB9C6NRQCQ) do director de Infraestruturas e Vías Provinciais, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e a avaliación ambiental.

Considerando.- Que as obras a executar precisan de cesión de terreos, estando a día de hoxe eses terreos cedidos ao Concello e postos a disposición da Deputación de Pontevedra por parte do Concello de Sanxenxo segundo o certificado emitido polo Secretario do Concello (CSV: 8EMVH37X3TONTL1Z), libres de toda carga.

Considerando.- Que adicionalmente será necesaria autorizacións sectoriais da AXI Consta no expediente con CSV; OPLD5VI1UQHITQII autorización favorable da Axencia Galega de Infraestruturas.

Considerando.- Que tamén é necesaria a autorización de Patrimonio dado que actuacións proxectadas entran na contorna de protección de varios elementos catalogados por Patrimonio. Consta no expediente con CSV: NB5TWXADQ1CFH7S6 informe favorable de Patrimonio para a execución do proxecto.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)*”, redactado por D. José P. Gosende Tuñas enxeñeiro adscrito á empresa Ingeniería del Noroeste, S.L., cun orzamento base de licitación de 1.188.578,92 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 7UG0F5UNDD28GKAC.

7.35571.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CONCELLO DE POIO RELATIVO AO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DO FIRME, CREACIÓN DE CARRIL BICI E SENDA PEONIL EN CHANCELAS - COMBARRO”, INCLUÍDO NO PLAN + PROVINCIA 2025 (EXPTE.2025004378)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 31.34746, do 07/02/2025, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan + Provincia 2025, por importe de 255.985,48 euros ao concello de POIO co obxecto do financiamento do investimento “ACONDICIONAMENTO DO FIRME, CREACION DE CARRIL BICI E SENDA PEONIL EN CHANCELAS-COMBARRO” (exp.: 2025004378), cun orzamento polo importe de 511.970,95 euros, financiando a Xunta de Galicia 255.985,47 euros.
- En data 17/07/2025 con rexistro WEB2025052990, ten entrada no rexistro da Deputación, instancia do Concello de POIO na que manifesta a necesidade de modificar o proxecto técnico que figura no expediente, debido, entre outras circunstancias, a necesidade de conferir ao espazo dunha rede de iluminación que aumente a seguridade peonil e ciclista, a necesidade de mellorar a sección do vial no tramo mais estreito do mesmo podendo así continuar a sección tipo na súa totalidade e dando continuidade á cuneta dun metro de anchura, mellora de accesos ás parcelas, etc Estas actuacións fan necesario modificar o proxecto inicial o que supón un incremento do seu orzamento. Este incremento será financiado con cargo á baixa de adxudicación tal é como solicita concello.
- O concello en data 23/07/2025 con rexistro WEB2025054232 aporta o proxecto modificado aprobado polo órgano competente, co fin de ser autorizado este modificado por este organismo e poder o concello executar a obra e tramitar a posterior xustificación nos termos previstos.
- Da documentación aportada se infire que a obra foi adxudicada por importe de 448.588,95 euros, cunha baixa teórica (baixa de adxudicación) de 63.382,00 euros.(31.691,00 euros corresponde á Deputación e 31.691,00 corresponde á Xunta de Galicia).
- O prezo do proxecto modificado ascende a 511.696,00 euros o que supón un incremento de 63.107,05 euros (14,07 %), que será financiado con cargo á parte da baixa de adxudicación que corresponde (31.691,00 euros).



- Revisado o novo proxecto modificado, este non altera a finalidade nin o obxecto da subvención pero implica un incremento no importe do seu orzamento pasando a ser de 583.994,51 euros. Este incremento de 72.023,58 euros representa un 14,07 %, do orzamento inicialmente presentado.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a



entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Base 32ª do Plan + Provincia 2025 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e autorizado pola Deputación.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.
- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, entre as cales se atopa, a necesidade de modificar o contrato por circunstancias sobrevidas non previsibles no momento no que tivo lugar a licitación e, sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE EXCLUIDO.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 06/08/2025 e do Xefe do Servizo de Cooperación de data 06/08/2025, que conclúen favorablemente a aprobación do proxecto modificado, e do informe favorable da Intervención Provincial de data 13/08/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado aportado en data 23/07/2025 con rexistro WEB2025054232 do investimento denominado “*ACONDICIONAMENTO DO FIRME, CREACION DE CARRIL BICI E SENDA PEONIL EN CHANCELAS-COMBARRO*” (expediente: 2025004378), do concello de POIO con incremento do seu orzamento, pasando a ser 583.994,51 euros.
- Autorizar a financiación do incremento do seu prezo con cargo a parte correspondente da súa baixa de adxudicación (31.691,00 euros).



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Poio*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.35572.- APROBACIÓN E XERACIÓN DE CRÉDITO DO PROXECTO PRESENTADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NA CONVOCATORIA DE PROPOSTAS 2025 DO PROGRAMA ERASMUS+ (EXPTE.2024080811)

A Deputación de Pontevedra presentou o 19 de febreiro de 2025 o proxecto do consorcio de mobilidade constituído ao abeiro do disposto na resolución presidencial con número RP2025000901, de data 4 de febreiro de 2025, pola que se resolve a convocatoria do procedemento de adhesión de centros educativos de FP da provincia de Pontevedra para a formación dun consorcio de mobilidade co obxecto de presentar un proxecto na Convocatoria de Propostas 2025 do programa Erasmus+. O citado proxecto ten as seguintes características:

- Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.
- Número de participantes: 84 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 14 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional.
- Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2025 ata o 31 de agosto de 2026). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus. Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de catro períodos a concretar.
- Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera outro país do programa Erasmus+.



O 1 de agosto de 2025 a Dirección do *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) emitiu a resolución definitiva (CSV: GEN-cdf8-0e43-cc10-cec1-5d05-1c0b-6f97-1e27) pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2025 concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 728.186,00 €.

En consecuencia, resulta preciso a aprobación do proxecto, realizar a xeración orzamentaria polo importe de 728.186,00 € efectivamente concedido e que se recolle na ficha técnica do convenio de subvención entre a Deputación de Pontevedra e o SEPIE e, por parte do financiamento propio, realizar as correspondentes operacións de modificación de crédito co fin de que a Deputación de Pontevedra se comprometa ao financiamento do importe da anualidade do proxecto conforme ao seguinte detalle:

PROXECTO ERASMUS+ 2025				
(Porcentaxe)	80%	10%	10%	100%
ANUALIDADE	2025	2026	2027	TOTAL
ACHEGA SEPIE	582.548,80 €	72.818,60 €	72.818,60 €	728.186,00 €
FONDOS PROPIOS DEPUTACIÓN	160.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	200.000,00 €
TOTAL	742.548,80 €	92.818,60 €	92.818,60 €	928.186,00 €

Visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 21 de agosto de 2025.

Visto o informe da Intervención de data 26 de agosto de 2025 favorable á aceptación da subvención e a aprobación do proxecto.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto Erasmus+ 2025 presentado na Convocatoria de Propostas 2025 do programa Erasmus+ dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe”, financiado polo *Servizo Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) e que posúe as características establecidas no presente informe, xunto coas condicións, prazos de execución e todas as obrigas inherentes ao mesmo de acordo cos criterios esixidos pola convocatoria 2025 do programa Erasmus+.
2. Aprobar de forma taxativa a distribución do gasto cos importes que correspondan a esta Deputación Provincial dentro do total do proxecto, quedando o financiamento propio condicionado á aprobación polo Pleno da correspondente modificación de crédito.
3. Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como establece a Base 27ª das de execución do orzamento provincial para o exercicio 2025, garantindo a existencia dunha contabilidade separada.



4. Aprobar a xeración de crédito polos importes da subvención, abrindo as aplicacións e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
5. Facultar ao presidente como representante legal da Deputación de Pontevedra para formalizar mediante a súa sinatura o devandito convenio entre esta institución e o SEPIE.

9.35573.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
(EXPTE.2025057264)

Vista a relación de operacións con número 2025057264 (CSV: 2CCDUSSR9CP4H03A), que contén 8 operacións por un importe de 21.598,18 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	21.598,18 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	21.598,18€

10.35574.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN
DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES
DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O
ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024) DA COMUNIDADE DE USUARIOS
DE ZACANDE, DO CONCELLO DE MEIS (EXPTE.2024014766)

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de data 19/08/2025 con CSV: 3KY77H4N7ZJ42U4O, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do Xefe do servizo de Cooperación antedito e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 20/08/2025 con CSV: 2B32CK8XQV56U4MH, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Dar conta e aceptar a renuncia da comunidade de usuarios de Zacande, do concello de Meis, con CIF G36589893, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.



11.35575.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS SEMENTEIRA DENTRO DO PROGRAMA “+XUNTAS” ANO 2025 E CONCESIÓN DA SÚA PRAZA Á ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL DEPORTIVA DE VECIÑOS E AMIGOS DE SANTIAGO DE CAROI (EXPTE. 2024069042)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoien o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 22 de novembro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2025 e posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 241 de 12 de decembro de 2024.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 11 de abril de 2025 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2025. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 60 solicitudes e a exclusión de 52 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación de mulleres rurais Sementeira (Expediente 2025000475) presenta renuncia ao curso de *Pintura*.

Resultando que existe lista de agarda para a participación no Programa + XUNTAS 2025, sendo a Asociación Socio Cultural Deportiva De Veciños e Amigos De Santiago de Caroi, con CIF G36354199, a situada de primeira na lista de agarda.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2025, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Dar conta e aceptar a renuncia presentada pola Asociación de mulleres rurais Sementeira (CIF: G36780658) e nº de expediente 2025000475.
2. Adxudicar á Asociación Socio Cultural Deportiva De Veciños e Amigos De Santiago de Caroi (CIF G36354199) e nº de expediente 2025001034, a concesión dunha acción formativa do programa +XUNTAS 2025.



12.35576.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN
AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS AO ABEIRO DO PLAN
+PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) (EXPTE.2025007885)

ANTECEDENTES

1. O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.
2. Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 7 de marzo de 2025, punto núm. 8.34887, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrència non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
3. No caso do Concello de Salceda de Caselas, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	1 condutor/a, 3 peóns de xestión de residuos e 1 bibliotecario/a a xornada completa durante 9 meses e 2 cobradores/as a xornada completa durante 2 meses e 19 días	133.619,12 €	130.411,63 €	3.207,49 €	130.411,63 €

4. O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. 2025013667, do 27/06/2025 (documentación subsanada en datas posteriores), solicita reformular a solicitude inicial por variación nas duracións das contratacións previstas inicialmente e non contratar un dos postos de cobrador/a. Ademais, na categoría de peóns de xestión de residuos pasan a ser catro persoas contratadas en lugar das tres previstas inicialmente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de



conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases se execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.

- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia de modificar as duracións previstas inicialmente nas contratacións, suprimir un dos postos de cobrador/a e contratar catro peóns de xestión de residuos en lugar dos tres previstos inicialmente, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando o importe do orzamento e da subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	1 bibliotecario/a a xornada completa durante 7,4 meses; 1 condutor/a e 2 peóns de xestión de residuos a xornada completa durante 7,3 meses; 1 peón de xestión de residuos a xornada completa durante 6,7 meses; 1 cobrador/a limpador/a a xornada completa durante 2,67 meses e 1 peón de xestión de residuos a xornada completa durante 14 días	101.849,37 €	101.849,37 €	0,00 €	101.849,37 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, informo favorablemente a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 7 de marzo de 2025, punto núm. 8.34887, no referente á subvención concedida ó Concello de Salceda de Caselas, CIF núm. P3604900E, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salceda de Caselas (P3604900E)	7	1 bibliotecario/a a xornada completa durante 7,4 meses; 1 condutor/a e 2 peóns de xestión de residuos a xornada completa durante 7,3 meses; 1 peón de xestión de residuos a xornada completa durante 6,7 meses; 1 cobrador/a limpador/a a xornada completa durante 2,67 meses e 1 peón de xestión de residuos a xornada completa durante 14 días	101.849,37 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: I45QRJ9VT9U3T8GE) e da dilixencia de Intervención (CSV: CF458NDF540RDI2T) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 7 de marzo de 2025, punto núm. 8.34887, no referente á subvención concedida ó Concello de Salceda de Caselas, CIF núm. P3604900E, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salceda de Caselas (P3604900E)	7	1 bibliotecario/a a xornada completa durante 7,4 meses; 1 condutor/a e 2 peóns de xestión de residuos a xornada completa durante 7,3 meses; 1 peón de xestión de residuos a xornada completa durante 6,7 meses; 1 cobrador/a limpador/a a xornada completa durante 2,67 meses e 1 peón de xestión de residuos a xornada completa durante 14 días	101.849,37 €



2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

13.35577.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

13.35578.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

13.35579.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

